



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 28 DE SETEMBRO DE 2016.

Concelleiros asistentes:

D. Manuel González López  
D. Julián Ramón Seijas Criado.  
D<sup>a</sup>. Esperanza Gayoso Pereiro.  
D. Javier Fernández Brage  
D. Delfín Feal Pereira.  
D. Carlos Ladra Brage  
D<sup>a</sup>. Concepción Rodríguez Ferreiro  
D. Iago Varela Martínez.  
D<sup>a</sup>. María Eva García Amor  
D. Xosé Manuel Pérez Sardiña

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día vinte e oito de setembro de dous mil dezaseis, en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde Germán Castrillón Permuy, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario titular Antonio López Vila, reúnese o Pleno da Corporación en sesión ordinaria segundo a convocatoria remitida ao efecto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, procédese a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DE ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. Dáse conta que por motivos informáticos queda pendente para a próxima sesión.

2.- CONTA XERAL EXERCICIO 2015. Seguidamente dáse conta á Corporación da Conta Xeral do orzamento correspondente o exercicio de 2015 co expediente tramitado e documentos que a xustifican, co informe de Intervención e ditame da Comisión Especial de Contas de data 12 de agosto de 2016, a cal foi exposta ó público segundo anuncio publicado no BOP nº 159 de data 23 de agosto de 2016, sen que se presentase reclamación algunha no prazo establecido ao efecto.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o voceiro D. Delfín Feal Pereira considera que se trata dun balance respecto da execución do orzamento correspondente, tódolos anos hai unhas diferenzas con respecto o presupostado, espera que as deficiencias observadas se vaian emendando nos próximos orzamentos e pregunta como se vai emendar o incumprimento da regra de gasto, alude ao informe de Intervención e tamén a cobertura de prazas de persoal e ao rexistro de empresarios locais para contratar co Concello de Cabanas, así como que se solucione o tema do inventario municipal para ter unhas contas máis claras.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Iago Varela Martínez recorda que xa denunciou o ano pasado que a previsión de ingresos é irreal, por outra banda na Comisión de Contas falouse que para 2017 deberá detallarse o custo dos servizos e pode ser un bo momento para volver a municipalizar os servizos básicos como recollida de lixo, ou abastecemento de auga e saneamento cando rematen as concesións e aforrarlle custos a veciñanza.

A concelleira de AEC María Eva García Amor reitera o dito polos anteriores concelleiros e fai mención a non reiteración de contratos menores e contratar a empresas da zona evitando empresas externas e municipalizar servizos.



O concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña, opina que incorre nos mesmos vicios da conta de 2014, despois de revisar as contas observa que antes das eleccións se fan contratos de adquisición de materiais para realizar chapuzas e determinar votos dos veciños, é unha falta de respecto ao sistema democrático, está de acordo coas observacións de Intervención recordando as peticións que ven formulando, pregunta pola memoria do gasto na praia do 31 de decembro e certificación de obra, considerando que se está a facer unha política caciquil por parte do partido popular.

Polo grupo Popular: o voceiro Manuel González López indica que a conta xeral é o resumo das actividades económicas e sociais realizadas polo Concello no período, hai datos reais a destacar como o remanente positivo de tesourería por importe de 675.269,89 euros, cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, cumpre o límite da débeda e as existencias en caixa a final de período son de 557.792,66 euros; tendo en conta a situación económica na que nos estivemos movendo, pechar as contas de 2015 con remanente positivo de tesourería non é algo menor para estes tempos.

O Sr. Alcalde en relación co incumprimento da regra de gasto indica que nunha ou dúas partidas do orzamento deste ano reteranse eses aproximadamente 28.000 euros que era o exceso da regra de gasto, está controlado e pensa que non vai haber ningún problema, espera que no próximo orzamento se solucións tódalas observación relativas ao control orzamentario, en canto a municipalizar servizos hai uns contratos e agora mesmo non é posible, o de aforrar diñeiro tería que velo, non sería tan fácil.

O Sr. Varela Martínez sinala que é consciente que os contratos canto rematan pero gustaríalle que se empezara a estudar como levalo a cabo.

O Sr. Pérez Sardiña puntualiza que as empresas cando contratan coa Administración o primeiro que fan é establecer o beneficio.

O Sr. Alcalde manifesta que xa levan estudado o da contratación desde hai tempo, posiblemente noutros tempos fora así.

Debatido o asunto o pleno da Corporación con cinco votos a favor dos membros do grupo Popular, dous en contra dos concelleiros do BNG e PDDdG no grupo Mixto, e catro abstencións dos membros do grupo Socialista e da concelleiros de AEC do grupo Mixto, acorda:

Primeiro. Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2015, a cal presenta os seguintes resultados:

Resultado orzamentario axustado	9.087,98
Dereitos pendentes de cobro ao peche do exercicio	494.121,68
Obrigas pendentes de pago ao peche do exercicio	274.876,65
Fondos líquidos na Tesourería ao peche do exercicio	557.792,66
Remanente de Tesourería total	777.037,69
Reservas	456.570,80
Remanente de Tesourería dispoñible	320.466,39

Segundo. Dar traslado da Conta Xeral aprobada para a súa fiscalización ó Tribunal de Contas e Consello de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

3.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL PREZO PÚBLICO ACTIVIDADES SOCIO-CULTURAIS, DEPORTIVAS E RECREATIVAS. Visto o expediente tramitado para



modificación do prezo público pola prestación do servizo de actividades socio-culturais, deportivas e recreativas, e da correspondente ordenanza fiscal reguladora, coa documentación que consta no devandito expediente, informe de Intervención e ditame da comisión de facenda.

Na deliberación do asunto prodúcese as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o concelleiro Carlos Ladra Brage propón a inclusión no artigo 6.2.b) onde pon bonificación do 10 % a familias numerosas engadir “ou monoparentais”.

Polo grupo Míxto: o concelleiro do BNG Iago Varela Martínez está de acordo coa proposta.

O concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña tamén lle parece ben inda que non é moi comprensible que unha acción de conciliación estea incluída nunha ordenanza de cultura e deportes, considera que é unha solución transitoria e debería solicitarse a delegación de competencia á Xunta de Galicia para que garanta o mencer na escola para vindeiros anos, en todo caso o voto será a favor.

Polo grupo Popular: a concelleira Esperanza Gayoso Pereiro indica que é unha ordenanza socio-cultural e pode estar incluído o que é o prezo do custo deste servizo, non cree que haxa que facer outra ordenanza; en canto a proposta do grupo Socialista si os outros grupos aceptan non teñen inconveniente pero recorda que esas bonificacións son para tódalas actividades.

Despois das correspondentes aclaracións, o Sr. Alcalde agradecería que estas propostas as comuniquen antes para que poidan encaixarse por Secretaría-Intervención.

O Sr. Pérez Sardiña lamenta que non saiban que hai unha persoa encargada das actividades socioculturais e outras persoas encargadas de servizos sociais neste Concello, e non fai falta explicarllo máis.

O Sr. Alcalde recórdalle que somos un concello de pouco máis de tres mil habitantes e un cadro de persoal reducido, hai persoas de actividades socioculturais incluídas algunhas deportivas, está ben encaixada aquí como sociocultural, outra cousa sería si tiveramos corenta ou setenta mil habitantes onde habería que facer esa diferenza.

Despois da inclusión da proposta do grupo socialista e debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos once membros que o compoñen, acorda:

1º. Aprobar provisionalmente a modificación do tributo local: prezo público pola prestación do servizo de actividades socio-culturais, deportivas e recreativas, así como a correspondente ordenanza fiscal reguladora.

2º. Someter a información pública o referido acordo e o texto da ordenanza reguladora polo prazo de trinta días a través de anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

3º. No caso de que non se presentaren reclamacións no prazo anterior, o acordo adoptado entenderase definitivamente aprobado.

4.- PROPOSTA ESTATUTOS ASOCIACIÓN DE CONCELLOS CAMIÑO INGLÉS.  
Dáse conta a Corporación das xestións e reunións de concellos realizadas para a constitución dunha Asociación de Concellos do Camiño Inglés, a proposta de Estatutos, ditame da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial e Disposición adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.



Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Iago Varela Martínez considera positivo a constitución da Asociación de concellos vinculados ao camiño inglés para este municipio e a veciñanza en xeral.

A concelleira de AEC María Eva García Amor opina que é bo todo o que sexa asociarse ou mancomunarse para promover o desenvolvemento turístico e os fins dos estatutos.

O concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña tamén está de acordo coa constitución da asociación e se poida facer máis polo camiño, pois ata agora solo sufriu agresións e as actuación da Xunta tampouco foron as máis adecuadas.

Polo grupo Popular: a concelleira Esperanza Gayoso Pereiro, agradece o apoio da Corporación e indica que levan tempo este asunto, fala do compromiso dos concellos participantes en ter acordo adoptado antes do 30 de setembro para continuar o traballo.

Despois de debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos once membros que o compoñen, acorda:

Aprobar os Estatutos da Asociación de concellos do camiño inglés que se transcriben a continuación:

## “ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

### CAPÍTULO I

#### DA ASOCIACIÓN EN XERAL

##### Artigo 1º.-

1. Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e tendo en consideración a Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A asociación ten a seguinte denominación: “ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS”

2.- A asociación rexerese polos ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

##### Artigo 2º.-

1. A asociación terá sede rotatoria entre os concellos membros. Estará emprazada no municipio no que o seu alcalde ocupe a presidencia.

2. No momento de constitución o domicilio principal da asociación radicará na localidade de Carral, na Casa da Cultura, rúa de Paleo, nº 17, C.P. 15175, provincia da Coruña e teléfono 981672580.

Artigo 3º.- A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.

##### Artigo 4º.-

1.- A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.- A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

a) Terá un carácter non lucrativo.



b) Para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.

c) Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

d) O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.

e) Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

f) Anualmente a xunta directiva presentará á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de socios.

g) Para a contratación de servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.

3. A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º.-

1. Son fins principais da asociación:

a) Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño Inglés, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño Inglés.

b) Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e histórico-artístico do Camiño Inglés.

c) Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño Inglés.

d) Canalizar a promoción turística do Camiño Inglés, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.

e) Ofrecer o apoio necesario aos peregrinos que transitan polo roteiro xacobeo do Camiño Inglés.

f) Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentado e propondo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.

g) Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.

h) Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.

i) Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.



j) Representar aos concellos do Camiño Inglés en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.

k) Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño Inglés leven a cabo outros organismos públicos e privados.

l) Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago.

2. Para levar a cabo os seus fins a asociación poderá:

a) Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.

b) Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co Camiño Inglés nos concellos membros.

c) Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.

d) Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.

h) Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.

i) Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.

j) Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.

k) Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

## CAPÍTULO II

### DOS ASOCIADOS

#### Artigo 6º.-

1. Poderán formar parte da asociación todos os concellos polos que transcorra o percorrido xacobeo do Camiño Inglés. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos.

2. A alta será solicitada polo alcalde ou presidente da Corporación mediante escrito dirixido ao Presidente da asociación, quen dará conta á asemblea xeral, que acordará acceder ou non á admisión.

3. Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación correspondente. Dita separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da asemblea xeral.

4. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á asociación, acharase suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

#### Artigo 7º.- Dereitos dos membros da asociación:

a) Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.

b) Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno.

c) Participar nas áreas da asociación.

d) Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.

e) Ter coñecemento da execución do orzamento.

f) Solicitar ao presidente reunir á asemblea xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos e poidan formular segundo a lexislación vixente.

#### Artigo 8º.- Obrigas dos socios da asociación:

a) Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da asociación e os seus órganos de goberno.



b) Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.

c) Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

Artigo 9º. A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

a) Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.3.

b) Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da xunta directiva.

c) Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.

d) Perderase a condición de socio da asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.

Artigo 10º.- Membro amigo

1. Poderán participar na asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Camiño Inglés.

2. A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.

3. Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á presidencia a admisión argumentando o seu vencello co Camiño Inglés. Será a asemblea xeral a que acorde acceder ou non á admisión.

### CAPÍTULO III

#### DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º.- Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- Asemblea xeral onde están representados todos os socios.
- Xunta directiva, que é o órgano do goberno da asociación e está formada polo presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e tres vogais.

Cada vogal representará aos seguintes treitos do Camiño Inglés e será escollido entre eles:

- Treito Ferrol-Bruma (Mesía): Ferrol, Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne e Betanzos.

- Treito A Coruña-Bruma (Mesía): A Coruña, Culleredo, Cambre, Carral e Abegondo.

- Treito Bruma (Mesía)-Santiago de Compostela: Mesía, Ordes, Oroso e Santiago de Compostela.

Artigo 12º.- A asemblea é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

Artigo 13º.- Son competencias da asemblea xeral:

a) Aprobar a modificación dos estatutos

b) Aprobar o plan de actuacións da asociación

c) Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno

d) Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias



- e) Disolver a asociación
- f) Establecer a estrutura organizativa
- g) Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.
- h) Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.

Artigo 14º.-

1. As sesións que celebre a asemblea xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.
2. A asemblea reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada polo Presidente cun mínimo de sete días de antelación á data de celebración da mesma.
3. A asemblea reunirse con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, sendo convocada pola presidencia ou a petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.

4. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan o presidente e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerá a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta directiva a persoa que ostente a xerencia da Oficina Técnica de Xestión podendo o presidente auxiliarse, cando a xerencia corresponda a persoa distinta e se o considera necesario polo secretario xeral do concello que preside ou técnico en quen delegue.

Artigo 15º.- Tanto para a asemblea ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora de celebración da mesma.

Acompañarase á convocatoria a Orde do Día, comprensivo dos asuntos para tratar, debéndose incluír naquel, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.

Artigo 16º.- Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente.

Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a) Nomeamento das xuntas directivas e administradores
- b) Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas
- c) Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado
- d) Modificación de estatutos
- e) Destitución do presidente
- f) Disolución da entidade

Artigo 17º.- As Asembleas estarán presididas polo presidente, asistido do secretario, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

Artigo 18º.- A presidencia da asociación será elixida entre os concellos que desexen ostentala e ratificada pola asemblea xeral. O vicepresidente, o secretario, o tesoureiro e os tres vogais que completan a xunta directiva tamén serán elixidos entre os asociados que se postulen. No caso de que non exista o número de concellos necesario para postularse para a xunta directiva, elixiranse entre aqueles concellos que aínda non ocuparan postos directivos.





A vicepresidencia substituirá á presidencia en caso de ausencia e en casos concretos poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

Artigo 19º.-

1. A duración do mandato do presidente será de dous (2) anos.
2. Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:
  - a) Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea
  - b) Por perda da condición de membro da asociación
  - c) Por destitución mediante acordo da asemblea xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte asemblea xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.

Artigo 20º.-O presidente da asociación serao tamén da asemblea, e terá as seguintes atribucións:

- a) Representar á asociación
- b) Tutelar a Oficina Técnica de Xestión
- c) Convocar e presidir as sesións da asemblea xeral, con voz, voto e voto de calidade
- d) Ordenar e autorizar pagos
- e) Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da asemblea.

Capítulo IV

#### DOUROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 21º.-A xunta directiva terá as seguintes atribucións:

- a) A aprobación do programa de traballo e proxectos da asociación
- b) A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- c) O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da asociación e dea parte á asemblea xeral.
- d) Executar os acordos da asemblea xeral
- e) Decidir sobre cuestións reservadas á asemblea xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola asemblea xeral na seguinte sesión que celebre
- f) Velar polo bo funcionamento da asociación.
- g) As competencias que o presidente ou a asemblea xeral deleguen nela.

A duración do mandato dos membros de xunta directiva será de dous (2) anos, podendo seren reelixidos pola asemblea xeral seguindo os criterios do Título V art. 18 dos presentes estatutos.

Artigo 22º.- Secretaría e Tesourería

1. Son funcións da secretaria:
  - a) A función de xefatura dos servizos administrativos da Asociación.
  - b) Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.
  - c) Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva.
- d) Son funcións da Tesourería:



- e) Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.
- f) Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente.
- g) Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación.

Artigo 23º.- A asociación poderá dispor dunha Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión.

1. A Oficina Técnica de Xestión, dependerá directamente da xerencia, de conformidade coas directrices marcadas pola Presidencia, e establécese con orde a desenvolver coa maior eficacia técnica e profesional os obxectivos da asociación. De carácter eminentemente profesional haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais. As funcións da Oficina Técnica de Xestión, incluídas as de xerencia, serán desempeñadas por persoal ou órganos técnicos vinculados ás corporacións das que forman a xunta directiva da asociación ou por persoal contratado pola Asociación.

2. Son funcións da xerencia en virtude dos acordos previos, sen menoscabo das que lle fosen encargadas pola presidencia, as seguintes:

- a) Asistencia técnica á presidencia e coordinación xeral dos proxectos e das accións da asociación.
- b) Propoñer ao presidente as accións técnicas e profesionais propias dos obxectivos da asociación.
- c) Relacións de carácter técnico e profesional coas Administracións Públicas e entidades privadas.
- d) Convocar reunións técnicas en cantas ocasións fosen necesarias para levar adiante as propostas profesionais derivadas dos obxectivos da asociación ou dos compromisos profesionais que puidesen xurdir.
- e) Elaborar os orzamentos anuais con desagregación por accións concretas e o orzamento de gastos e mantemento da Oficina Técnica de Xestión.
- f) Auxiliar e asesorar á presidencia e aos concellos membro respecto das estratexias para desenvolver, documentos técnicos dá emitir e en cantas accións, plans e proxectos sexan de beneficio á asociación.
- g) Propoñer accións para a elaboración de produtos turísticos das cidades e establecer contactos e relacións coas empresas e servizos turísticos relacionados coa asociación.
- h) Planificar e organizar os programas anuais de traballo da Asociación en orde a conseguir os obxectivos que se expoñen para a mesma.
- i) Asistir e participar en cantas actividades e convocatorias públicas ou privadas sexan de interese para os obxectivos desta asociación.

#### TÍTULO V

#### DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 24º.-

1. Os recursos da Asociación procederán de:

- a) As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros.
- b) As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos .
- c) As subvencións ou doazóns que se reciban.



d) Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.

2. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola asemblea xeral. Fixaranse as contías tendo en conta os seguintes tramos por número de habitantes:

- Ata 5.000 habitantes
- De 5.001 a 10.000 habitantes
- De 10.001 a 30.000 habitantes
- De 30.001 a 50.000 habitantes
- De 50.001 a 100.000 habitantes
- Máis de 100.000 habitantes

3. O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.

4. A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.

5. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará cada ano o día 31 de decembro de dada ano excepto no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

#### TÍTULO VI

#### MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

##### Artigo 25º.-

A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola asemblea xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida, será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con polo menos tres dos asociados.

O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta dos asistentes.

#### TÍTULO VII

#### DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

##### Artigo 26º.-

1. O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da Asociación:

- a) Por acordo da asemblea xeral extraordinaria
- b) Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil
- c) Por resolución xudicial e firme

2. Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da Asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigacións pertinentes.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAIS

1ª. En calquera outro suposto non recollido nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo.

En ....., o .... de ..... de 2016”.



5.- PROPOSTA FESTAS LOCAIS 2017. Visto o escrito da Xefatura territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no que interesa proposta do pleno ou do órgano que sexa competente deste Concello na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o vindeiro ano 2017.

Despois do estudo da proposta da Alcaldía, o Pleno da Corporación en votación ordinaria co voto a favor dos once membros que o compoñen, acorda:

Propoñer como festas locais en todo o termo municipal para o vindeiro ano 2017, o 28 de febreiro (martes de Entroido) e o 30 de novembro (Santo André).

6.- EXPEDIENTE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL EXECUCIÓN SENTENZA O PENSO 1ª FASE. Dáse conta do expediente de responsabilidade patrimonial no que constan os seguintes antecedentes:

Con data 11-03-2014, D. José Campelo Vázquez e doce máis, presentan escrito no que interesan que se inicie a tramitación do expediente de responsabilidade patrimonial, conforme aos artigos 147 e seguintes da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e artigos 4 e seguintes do Real Decreto 429/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de procedementos nas administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial e a Disposición adicional 6ª da lei 8/2012 de vivenda de Galicia, en relación coas sentenzas da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de datas 29 de setembro de 1994 sobre o P.O. 02/0004055/1993 (edificio O Penso 2ª fase) e 10 de outubro de 1996 sobre o P.O. 02/0004126/1994 (edificio O Penso 1ª fase).

Por Resolución da Alcaldía 116/2014, de 2 abril, acórdase o inicio de expediente de responsabilidade patrimonial en relación coa sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia número 684/1996, no P.O. 02/0004126/1994 relativa ao edificio O Penso 1ª fase; na mesma resolución tamén se nomea instrutor do procedemento ao concelleiro D. Julian Ramón Seijas Criado, notificar a dita Sala, ao instrutor e a parte solicitante.

Incorporado estudo técnico para a valoración-taxación das vivendas afectadas pola execución da sentenza recaída no recurso contencioso-administrativo 02/0004126/1994 do edificio O Penso 1ª fase, situado entre a estrada da Coruña e o camiño Tras da Vila no concello de Cabanas, redactado polo arquitecto D. Antonio J. Ferreiro Novo en data 30 de xuño de 2014, apróbase pola Xunta de Goberno Local en data 3 de xullo de 2014 e notifícase o acordo a parte solicitante.

Con data 01-08-2014 D. Carlos Seoane Domínguez en representación de D. José Campelo Vázquez e sete máis, presenta escrito solicitando ampliación de prazo para alegacións en relación co acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 03-07-2014, outorgándose ampliación de sete días hábiles en resolución do 09-09-2014.

D. Carlos Seoane Domínguez en representación de D. José Campelo Vázquez e sete máis presenta escrito de alegacións en data 12-08-2014.

Con data 02-01-2015, D. David Arias Arnos e cinco mais, presenta escrito de alegacións en relación coa comunicación da Alcaldía sobre inicio das obras de execución sentenza recurso contencioso-administrativo 02/0004126/1994.

En data 29-01-2015, D. Carlos Seoane Domínguez en representación de D. Segismundo Piñeiro Núñez e tres máis, presenta escrito relativo as indemnizacións das vivendas 4º A, 4º B, 5º A e 5º B, da 1ª fase do edificio O Penso, achegando valoración técnica realizada por Valtecsa.



O Instrutor do expediente con data 28-07-2015 solicita da Alcaldía informes para redactar proposta de resolución, á vista do cal incorpórase con posterioridade ao expediente informe do arquitecto municipal de data 05-08-2015 e informe de Secretaría de data 31 de agosto de 2015 en relación cos datos solicitados.

En data 17 de setembro de 2015, o Alcalde D. Germán Castrillón Permuy e os propietarios dos inmobles 4ªA, 4ªB, 5ªA e 5ªB asinan un acordo indemnizatorio.

O Instrutor con data 22 de setembro de 2015, formula proposta de acordo indemnizatorio, nos termos do acordo asinado pola Alcaldía para a súa aprobación e posterior traslado ao Consello Consultivo de Galicia.

O Pleno da Corporación en sesión realizada o 30 de setembro de 2015 con motivo da comparecencia da Alcaldía para informar da situación das sentenzas de O Penso, non aprobou a proposta da Alcaldía “Dar o visto bo ó acordo indemnizatorio e remítala proposta do Instrutor ó Consello Consultivo de Galicia”.

En data 05-10-2015 a Alcaldía achega copia do expediente ao Consello Consultivo de Galicia para que emita ditame, o cal emite en data 28-10-2015 coa seguinte conclusión “Que informa favorablemente a proposta de resolución á que o presente expediente se refire, coas salvidades indicadas na consideración sexta deste ditame”.

Incorpórase ao expediente “informe técnico sobre o acordo indemnizatorio proposto polo concello de Cabanas e aceptado polos propietarios das vivendas afectadas 4ªA, 4ªB, 5ªA e 5ªB, debido a execución da sentenza recaída no recurso contencioso-administrativo 02/0004126/1994 do edificio O Penso 1ª fase, redactado polo arquitecto D. Antonio J. Ferreiro Novo con data 20 de outubro de 2015.

O Instrutor formula unha nova proposta de acordo indemnizatorio con data 18 de novembro de 2015.

Incorpórase informe de Secretaría-Intervención de data 10 de decembro de 2015, no que se formulan observacións e necesidade de aclaracións.

En data 15 de decembro de 2015, o Instrutor presenta un anexo ao seu informe no que considera que no suposto de superficie superior as autorizadas habería que indemnizar aos titulares e cabería reservarse a facultade de reclamar esas cantidades incluídas na indemnización ao promotor ou autoridades e persoal ao servizo do Concello de Cabanas que no seu momento deixaron de realizar as competencias de inspección e control en materia de uso do solo.

O arquitecto municipal en data 16 de decembro emite informe en relación co informe técnico do acordo indemnizatorio realizado polo arquitecto D. Antonio J. Ferreiro Novo con data 22 de outubro de 2015.

Incorpórase copia simple da escritura de divisións en propiedade horizontal, número 3.600 outorgada en data 18-12-1990, ante o notario de Ferrol D. Juan Manuel Míguez Sanesteban pola Entidade Mercantil Prominfer S.L.

En data 11 de xullo de 2016, o arquitecto municipal D. Marcos Ferreiro Suárez, emite informe sobre cuestións formuladas no informe de Secretaría-Intervención.

Con data 19 de setembro de 2016, incorpórase “Informe técnico sobre o acordo indemnizatorio proposto polo concello de Cabanas e aceptado polos propietarios das vivendas afectadas 4ªA, 4ªB, 5ªA e 5ªB debido a execución da sentenza recaída no recurso contencioso-



administrativo 02/0004126/1994 do edificio O Penso 1ª fase” redactada polo arquitecto D. Antonio J. Ferreiro Novo con data 3 de setembro de 2016.

O 26-09-2016 inclúese ANEXO 01. Valoración-Taxación das vivendas da planta cuarta e quinta (baixo cuberta), afectadas pola execución da sentenza recaída no recurso contencioso-administrativo 02/0004126/1994 do edificio O Penso 1ª fase, redactado polo arquitecto D. Antonio J. Ferreiro Novo con data 12 de setembro de 2016. Coa mesma data incorpórase informe do arquitecto municipal en relación con este Anexo 01.

O Instructor D. Julian Ramón Seijas Criado, con data 26 de setembro de 2016, formula proposta de acordo indemnizatorio nos seguintes termos:

Primeiro.- Que o Pleno do Concello adopte o seguinte acordo:

“ Primeiro.- O Concello de Cabanas abonará as seguintes cantidades aos propietarios dos inmobles afectados polas obras de demolición ordenadas pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG, rec. 4126/1994 (fase 1) no expediente de “Execución sentenza PO 02/0004126/1994. Edificio O Penso. 1ª Fase”:

- Piso 5ªA porta B: D. José Manuel Sande Ferreira, 67.397,78 €.
- Piso 5ªB porta A: D. José González Díaz e Dona Dolores Alvariño Fraga, 100.914,64€.
- Piso 4ªA porta B: D. José Maceiras González e Dona Digna Sanjuán Piñeiro, 18.448,17€.
- Piso 4ªB porta A: D. Segismundo Piñeiro Núñez e Dona Alejandrina Rebolo Maciñeira 38.657,82€.

Segundo.- O pagamento das cantidades acordadas realizarase polo Concello de Cabanas antes do día 30-03-2017.

Terceiro.- No caso de que por parte do Concello de Cabanas non se houberse abonado a cada un dos interesados as cantidades propostas e na data indicada no punto anterior (30-03-2017), o Concello de Cabanas aboará a cada un dos propietarios afectados pola demolición (fase 1) os xuros, que por demora no pagamento da indemnización fixada, procedan de acordo co artigo 141.3 da LRJ e PAC.

Cuarto.- O Concello de Cabanas realizará tódolos trámites necesarios para dar de baixa no Catastro os inmobles da planta 5ª do edificio O Penso 1ª fase, dos que son titulares os asinantes e que son obxecto de demolición, correndo cos gastos que se deriven de ditos trámites. A partir da aprobación desta proposta polo Pleno, o Concello de Cabanas deixará de liquidar aos propietarios dos inmobles afectados polas obras de demolición ordenadas pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG, rec. 4126/1994 (fase 1) o IBI, así como as demais taxas, impostos, contribucións especiais, servizos, etc. vinculados á propiedade ou ao uso dos inmobles obxecto de demolición.

Quinto.- O Concello de Cabanas realizará tódolos trámites necesarios para a rectificación da descrición dos pisos da planta 4ª no Catastro, correndo cos gastos que se deriven de ditos trámites.

Sexto.- Facultar ao Sr. Alcalde para que, como representante da Corporación asine dito acordo”.

Segundo: sen prexuízo da decisión que se adopte polo órgano competente.

Despois de dar conta o Secretario da documentación do expediente recordando o informe emitido e o relativo á taxación e valoración de danos morais que deben realizar os tribunais, na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:



Polo grupo Socialista: o voceiro Delfín Feal Pereira indica que xa veñen con peticións desde o ano pasado, porque queren ter o visto e prace dos servizos municipais, observa que os servizos técnicos non poñen reparo as contías a indemnizar nin di nada sobre esa sobrevaloración que se xustifica na taxación polos danos morais, desexaría se explicase. O Sr. Alcalde entende que na outra proposta había unha petición de 15.000 euros por ese concepto e o Consello Consultivo dixo que iso non se podía poñer. Prosegue o Sr. Feal Pereira facendo referencia ao xa manifestado na comisión e considera que xa non vai ter ningunha repercusión.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG manifesta que a súa intervención vai no mesmo sentido que a do Sr. Feal Pereira.

A concelleira de AEC Maria Eva García Amor ten algunha dúbidas na valoración, entende que a Comunidade é propietaria e non se ten en conta, o procedemento xa vai moi dilatado no tempo, os técnicos ven a valoración mais ou menos correcta e non quere facer esperar máis aos propietarios polo que se vai abster. O Sr. Alcalde aclara que á Comunidade se lle mellora o tellado, o ascensor e todo iso, se xustifica no informe técnico, de todos modos de non estar de acordo poden presentar recurso.

O concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña indica que se está a facer referencia a danos morais polo que non debe estar clara a documentación, vai para tres anos desde o inicio do expediente, o outro día chegoulle outro papel e xa non saben cal é a versión correcta, é complicado tomar acordo con seguridade xurídica, non entende por que se pagan propiedades non afectadas e tamén sinala que o recoñecemento das contías de indemnización vai estar afectada polo IRPF porque non pasa polo proceso xudicial, polo que aos propietarios vailles minguar a indemnización.

O Sr. Alcalde considera que aos propietarios lle sae máis barato pagar o IRPF que ir ao xulgado, pero poden ir ao xulgado, si están conformes terán que firmar o contrato, senón ir ao xulgado; hai un instrutor que fixo unhas propostas, falouse cos propietarios e en principio están de acordo.

O Sr. Feal Pereira recorda que no programa electoral levaban a execución da sentenza e resarcir aos propietarios, considera afectados tanto aos que perden as propiedades coma os do resto do edificio; cando traen un acordo indemnizatorio entende que houbo negociación con todos –o Sr. Alcalde aclara que son libres de ir ao xulgado, incluso a comunidade e no informe técnico está xustificadas as melloras a favor da comunidade– prosegue o Sr. Feal Pereira indicando que cando se inician as propostas de indemnización puxeron reparos porque faltaba informe dos técnicos municipais, había reparo de Intervención e se foron resolvendo, hai que solucionar os problemas dos veciños e sen non firman o acordo haberá que facer outro, espera que a 2ª fase teña menos problemas, polo tanto votarán a favor.

O Sr. Pérez Sardiña insiste nas porcentaxes que grava o IRPF e a suba nos últimos anos, considera que non se está tramitando da mellor maneira nin se informa de tódalas consecuencias, non pode aprobalo como está xa que non ten claras algunhas cousas que van aí e non se solucionaron convenientemente.

O Sr. Alcalde considera que o formulado polo Sr. Pérez Sardiña non lle corresponde ao Concello entrar neses apartados.

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria con oito votos a favor dos membros dos grupos Popular e Socialista, e tres abstencións dos membros do grupo Mixto, acorda:



Primeiro.- O Concello de Cabanas abonará as seguintes cantidades aos propietarios dos inmobles afectados polas obras de demolición ordenadas pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG, rec. 4126/1994 (fase 1) no expediente de “Execución sentenza PO 02/0004126/1994. Edificio O Penso. 1ª Fase”:

- Piso 5ºA porta B: D. José Manuel Sande Ferreira, 67.397,78 €.
- Piso 5ºB porta A: D. José González Díaz e Dona Dolores Alvariño Fraga, 100.914,64€.
- Piso 4ºA porta B: D. José Maceiras González e Dona Digna Sanjuán Piñeiro, 18.448,17€.
- Piso 4ºB porta A: D. Segismundo Piñeiro Núñez e Dona Alejandrina Rebolo Maciñeira 38.657,82€.

Segundo.- O pagamento das cantidades acordadas realizarase polo Concello de Cabanas antes do día 30-03-2017.

Terceiro.- No caso de que por parte do Concello de Cabanas non se houberse abonado a cada un dos interesados as cantidades propostas e na data indicada no punto anterior (30-03-2017), o Concello de Cabanas aboará a cada un dos propietarios afectados pola demolición (fase 1) os xuros, que por demora no pagamento da indemnización fixada, procedan de acordo co artigo 141.3 da LRJ e PAC.

Cuarto.- O Concello de Cabanas realizará tódolos trámites necesarios para dar de baixa no Catastro os inmobles da planta 5ª do edificio O Penso 1ª fase, dos que son titulares os asinantes e que son obxecto de demolición, correndo cos gastos que se deriven de ditos trámites. A partir da aprobación desta proposta polo Pleno, o Concello de Cabanas deixará de liquidar aos propietarios dos inmobles afectados polas obras de demolición ordenadas pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG, rec. 4126/1994 (fase 1) o IBI, así como as demais taxas, impostos, contribucións especiais, servizos, etc. vinculados á propiedade ou ao uso dos inmobles obxecto de demolición.

Quinto.- O Concello de Cabanas realizará tódolos trámites necesarios para a rectificación da descrición dos pisos da planta 4ª no Catastro, correndo cos gastos que se deriven de ditos trámites.

Sexto.- Facultar ao Sr.Alcalde para que, como representante da Corporación asine dito acordo.

7.- AGRUPACIÓN PERMANENTE DOS CONCELLOS DE CABANAS E DE PONTEDEUME PARA SOLICITUDE DE SUBVENCIONS. Visto o expediente tramitado para a agrupación permanente dos concellos de Cabanas e de Pontedeume para a xestión compartida en solicitudes de subvencións e proxectos nas materias que lo se detallan, cos informes técnicos e xurídicos que constan no expediente, acordo do Pleno do concello de Pontedeume e ditame favorable da comisión de asuntos do Pleno.

O Secretario da conta da proposta de acordo da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

Acordo plenario de agrupación permanente do concello de Cabanas e o concello de Pontedeume para a xestión compartida, mediante as figuras da encomenda de xestión e o convenio de colaboración, en solicitudes de subvencións e proxectos en materias de medio ambiente, infraestrutura viaria e outros equipamentos de titularidade pública, abastecemento e evacuación e tratamento de augas residuais, promoción turística, deporte, cultura e novas tecnoloxías, e





aceptación da delegación do exercicio de competencias municipais do concello de Pontedeume no concello de Cabanas, concello promotor/sede, para a xestión compartida mediante as figuras da delegación de competencias e o convenio de colaboración en solicitudes de subvencións e proxectos nas indicadas materias.

En desenvolvemento do establecido nos artigos 87 e seguintes da lei 30/1992 de 26 de novembro sométese a consideración do Pleno da Corporación, órgano competente tendo en conta o establecido no artigo 47.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, requirindo o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais:

*Art.º 47.2. LBRL: Requírese o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións para a adopción de acordos nas seguintes materias:*

*h) Transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se imponían obrigatoriamente. "*

*Art.64.2 LALGA:*

*2. Corresponderán ao Pleno as seguintes atribucións:*

*i) Aceptar a delegación de competencias feita por outras Administracións Públicas.*

*ñ) Las demais que deban corresponder ao Pleno cando a súa aprobación requira unha maioría especial.*

*Art.º 47.2.LBRL: Requírese o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións para a adopción de acordos nas seguintes materias:*

*h) Transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se imponían obrigatoriamente.*

Tramitado expediente administrativo que da cumprimento ao procedemento administrativo de agrupación permanente entre os concellos de Cabanas e Pontedeume para a xestión compartida mediante ás figuras da delegación de competencias e o convenio de colaboración en solicitudes de subvencións e proxectos en materias de medio ambiente, infraestrutura viaria e outros equipamentos de titularidade pública, abastecemento e evacuación e tratamento de augas residuais, promoción turística, deporte, cultura e novas tecnoloxías.

Conforme aos principios xerais de eficacia (art. 103 da Constitución Española), eficiencia na asignación de recursos públicos (arts. 7 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira) e colaboración interadministrativa (art. 3 e 4 da Lei 30/1992 e 10 e 57 da LBRL), este Concello entende que sería máis conveniente realizar este tipo de actuacións de forma conxunta con outros concellos da zona que ao contar con necesidades semellantes e competencias concorrentes na materia, sexa adecuado o emprego de fórmulas asociativas que aforren custes, eviten duplicidades e melloren a xestión pública para seguir prestando servizos de calidade aos veciños neste contexto de crise económica

Tendo en conta a necesidade da delegación de competencias e a subscripción dun convenio de colaboración entre o concello de Cabanas e Pontedeume para a xestión conxunta de solicitudes de subvencións e execución de proxectos en materias de medio ambiente, infraestrutura viaria e outros equipamentos de titularidade pública, abastecemento e evacuación e tratamento de augas residuais, promoción turística, deporte, cultura e novas tecnoloxías tendo en conta as relacións interadministrativas que existen entre ambos concellos segundo consta na Memoria dos ADL de ambos concellos de data 14/06/2016.



Quedando debidamente acreditada a xustificación de que é máis conveniente/eficiente realizar actuacións nos ámbitos indicados de forma conxunta entre ambos municipios, por criterios económicos, xeográficos, condición para ser beneficiario de subvención, etc... (O artigo 27 da LBRL permite a delegación de competencias sempre que con iso se mellore a eficiencia da xestión pública; e o artigo 7 da LOEP establece o principio de eficiencia na asignación de recursos públicos).

Considerando a competencia desta alcaldía para o ditado do presente acto administrativo e á vista do informe conxunto emitido polos Secretarios dos concellos de Cabanas e Pontedeume de data 20 de xuño de 2016.

Considerando o establecido no Art.61.1 LALGA: "O Alcalde é o Presidente da Corporación e ostenta as seguintes atribucións:

r) Solicitar a delegación de competencias para a contratación e execución de obras e servizos con outras Administracións. "

Considerando o establecido nos Arts. 3 da Lei 30/1992, 10 e 57 da LBRL en canto aos principios de colaboración e cooperación entre administracións públicas.

Considerando o establecido nos artigos 7 e 27 da LBRL, 196 197 da LALGA en canto á delegación de competencias; Arts 26 da LBRL e 81 da LALGA en canto á prestación de servizos municipais de forma asociada e 57 da LBRL, 197 e 198 da LALGA, e 88 da Lei 30/1992 en canto aos convenios de colaboración.

PROPOÑO:

PRIMEIRO: A agrupación permanente entre os concellos de Cabanas e Pontedeume para a xestión compartida mediante as figuras da delegación de competencias e o convenio de colaboración en solicitudes de subvencións e proxectos en materias de medio ambiente, infraestrutura viaria e outros equipamentos de titularidade pública, abastecemento e evacuación e tratamento de augas residuais, promoción turística, deporte, cultura e novas tecnoloxías.

SEGUNDO: Aceptación da delegación feita por medio de acordo plenario do concello de Pontedeume de data 30 de xuño de 2016 a este concello de Cabanas, no seguintes termos:

O alcance e contido da delegación de competencias e funcións é o seguinte:

Obxecto e alcance: Deléganse as seguintes competencias/funcións propias do concello de Pontedeume no Concello Cabanas que actuará como Concello sede da agrupación dos Concellos de Pontedeume-Cabanas para a realización da xestión compartida en solicitudes de subvencións e proxectos en materias de medio ambiente, infraestrutura viaria e outros equipamentos de titularidade pública, abastecemento e evacuación e tratamento de augas residuais, promoción turística, deporte, cultura e novas tecnoloxías.

-Dirección, xestión, organización e coordinación da obra/servizo.

-Xestión administrativa da subvención para a obra/servizo: Solicitud e tramitación da subvención ante a Administración convocante da subvención. O alcance da delegación se estende a todas as actuacións necesarias para levar a cabo todos os trámites inherentes á subvención conforme á orde que a regula. Facúltase ao alcalde do Concello sede como representante único, coordinador e interlocutor ante la Administración convocante da subvención.

-Selección e contratación do persoal laboral temporal necesario para a obra/servizo (xestión directa).



-Contratación da obra, servizo ou subministrados necesarios para a obra/servizo (xestión indirecta). O alcance da delegación se estende a:

a) Todas as fases do proceso de contratación: Preparación, adxudicación, formalización, execución, etc. . . .

b) Unicamente as fases de preparación e adxudicación do contrato. O contrato configúrase con varios lotes independentes que se corresponden cos ámbitos territoriais e funcionais do concello delegante. Realizadas as fases de preparación e adxudicación do contrato e unha vez seleccionada a empresa que vai a prestar o servizo en todos os concellos, a formalización, execución e seguimento do contrato corresponden a cada un dos concellos agrupados.

O Concello sede actúa como órgano de contratación de acordo co artigo 109.5. do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, que regula a financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que tramitárase un só expediente de contratación polo concello ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinarse á orde de seu pagamento.

O alcance da delegación esténdese a todos os expedientes incluídos nas materias de medio ambiente, infraestrutura viaria e outros equipamentos de titularidade pública, abastecemento e evacuación e tratamento de augas residuais, promoción turística, deporte, cultura e novas tecnoloxías e nos supostos que a delegación non contradiga co réxime xurídico da subvención que se convoque.

As condicións e obrigas particulares da delegación son as seguintes:

-Medios materiais e persoais: A presente delegación non implica a cesión de medios persoais e materiais propios do concello de Pontedeume a o concello de Cabanas, salvo que a natureza da axuda así o esixa e será para caso concreto e requirindo un acordo expreso de delegación nese suposto.

-Financiamento: Compromiso de achega económica pola parte proporcional ao 50 % do custo municipal do proxecto, sen prexuízo de que a natureza da solicitude estableza porcentaxes de outra índole ponderando criterios poboacionais, de desenvolvemento da actividade, obra ou proxecto de que se trate. Este suposto será desenvolto na memoria de solicitude de cada unha das subvencións cuxos custes municipais non poidan ser distribuídos ao 50 % entre ambos concellos.

-Porcentaxe de financiamento estimada de cada concello participante e da administración convocante da subvención.

-O importe exacto das aportacións concretarase non convenio de colaboración en función do concellos que o asinen e da subvención prevista ou concedida á agrupación. No suposto de que a subvención concedida sexa menor deberán reaxustarse os importes a través da comisión de seguimento do convenio.

-O importe inicial deberá de estar dispoñible no prazo previsto en cada unha das ordes reguladoras das subvencións e en todo caso antes do aboamento das facturas que se emitan pola óptima execución dos servizos, ou obras de que se traten.

-Nas obras/servizos plurianuais a comisión de seguimento establecerá no último trimestre de cada ano ás previsións das necesidades de financiamento do servizo e dará traslado a cada concello.

-Duración: A presente delegación terá unha vixencia de dous anos, prorrogables por outros dous, no seu caso e mediante acordo expreso de prórroga.



-Formas de control: responsable municipal do convenio, o axente de emprego e desenvolvemento local municipal, que será membro da comisión de seguimento. Así mesmo todos e cada un dos actos ditados en desenvolvemento do presente acordo serán fiscalizados pola Intervención municipal.

-Outras obrigas que impoña a Orde/Resolución da subvención: Posibilidade ou non de anticipos, compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria da subvención, compromiso de non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, etc..., serán previstas en cada un dos convenios particulares de colaboración que se asinarán para cada unha das subvencións que se tramiten e atendendo as súas particularidades.

-Causas de revocación da delegación:

○ non cumprimento do seu obxecto.

- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.

- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución do fins propios ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.

- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do mesmo.

-Formalización: A presente delegación de competencias será obxecto de formalización nun convenio de colaboración/cooperación marco conxunto entre ambos concellos que se agrupan, como requisito de eficacia dos acordos adoptados por cada unha das partes, delegando expresamente en órgano unipersoal (alcalde ou concelleiro) a facultade para asinar o convenio así como dos convenios particulares de colaboración que se se asinarán para cada unha das subvencións que se tramiten e atendendo as súas particularidades.

-Interpretación da fórmula de agrupación e posibles incumprimentos da mesma: as discrepancias que xurdan na aplicación do presente acordo e dos seus convenios resolveranse por unha comisión de seguimento e coordinación, que estará formada por dous representantes de cada concello, que serán nomeados polo Pleno da corporación, asistidos polo responsable do proxecto designado, isto é o axente de emprego e desenvolvemento local municipal e a que poderá acudir calquera empregado público municipal que en exercicio das funcións de asesoramento sobre un expediente da súa materia poida ser requirido polos representantes municipais na comisión.

No non previsto neste acordo estarase ao disposto na lexislación aplicable á materia obxecto do convenio, especialmente á resolución de convocatoria das subvencións respectivas.

Os conflitos que se susciten poranse en coñecemento da citada comisión; no caso de que non se chegue a acordo sobre as discrepancias litixiosas sentenciaranse na orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

A comisión de seguimento e coordinación rexerese polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Ás súas principais funcións serán en concreto as seguintes:

- O seguimento e control da xestión da obra/servizo.



- Revisar e mellorar o orzamento anual do servizo compartido e sometelo a aprobación plenaria dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xere o servizo.

- Revisar e mellorar o catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da prestación conxunta, que deberá ser ratificado en sesión plenaria dos concellos.

- Revisar as ordenanzas e regulamentos dos concellos que afecten directamente ao funcionamento do servizo para a súa homoxeneización.

- A elaboración das súas normas internas de xestión.

- A interpretación do convenio.

- A proposta, no seu caso, de addendas.

- Intervención previa á resolución por incumprimento.

- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.

- Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.

TERCEIRO: Autorizar ao Sr. Alcalde do concello de Cabanas para a sinatura do convenio marco de colaboración así como dos convenios particulares de colaboración que recollan estas condicións que se aproban.

CUARTO: Dar traslado do presente acordo ao concello de Pontedeume emprazando ao Sr. Alcalde do mesmo para a sinatura do convenio marco de colaboración na Casa Consistorial do concello de Cabanas, aos efectos oportunos.

QUINTO: Publicar o presente acordo no boletín oficial da provincia da Coruña aos efectos de xeral coñecemento e remitir á Dirección Xeral de Administración local aos efectos oportunos.

En Cabanas a 22 de setembro de 2016.

O Alcalde

D. Germán Castrillón Permuy”

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o voceiro Delfín Feal Pereira está a favor de traballar en conxunto cos concellos limítrofes porque permite maior contía das axudas e ter máis ideas.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Iago Varela Martínez estando a favor da agrupación de concellos que serve para acceder a subvencións maiores, este documento non é máis que un documento con fins propagandísticos, un simple marco de cooperación entre os dous concellos pero na práctica á hora de pedir calquera subvención vai ser preciso asinar o correspondente convenio, votará a favor pero gustaríalle que se traballase máis en mancomunar servizos.

A concelleira de AEC María Eva García Amor está a favor e si se poden mancomunar e ter prioridade nas axudas mellor, lamenta que non se unan outros concellos limítrofes.

O concelleiro de PDDdG Xosé Mauel Pérez Sardiña formula dúas observacións, a primeira que os gastos son ó 50% sen ter en conta a situación da poboación e segunda que o concello de Cabanas ten limitacións de persoal como se viu no informe de Intervención en asuntos anteriores, polo que habería unha sobrecarga de traballo con esas xestións e as explicación que deron ata agora non explican estas cuestións.

Polo grupo Popular: o Sr. Alcalde fai referencia ao vixente obradoiro de emprego onde Cabanas ten o mesmo número de alumnos que Pontedeume, a iguala depende para o que sexa, trátase dunha colaboración conxunta entre dous concellos que se necesitan, hai unha colaboración



cordial e seguirán traballando porque haxa máis convenios deste tipo e mancomunaranse servizos cando se poida, xa se estás xerando unha mellora nos servizos; en canto a xestión de Cabanas coa cobertura da praza de administrativo xa se mellorou, está por colaborar con calquera concello independentemente da ideoloxía política porque é fundamental para un concello pequeno.

Despois de debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con dez votos a favor dos membros dos grupos Popular, Socialista, concelleiro do BNG e concelleira de AEC, e unha abstención do concelleiro de PDDdG, acorda:

**PRIMEIRO:** A agrupación permanente entre os concellos de Cabanas e Pontedeume para a xestión compartida mediante as figuras da delegación de competencias e o convenio de colaboración en solicitudes de subvencións e proxectos en materias de medio ambiente, infraestrutura viaria e outros equipamentos de titularidade pública, abastecemento e evacuación e tratamento de augas residuais, promoción turística, deporte, cultura e novas tecnoloxías.

**SEGUNDO:** Aceptación da delegación feita por medio de acordo plenario do concello de Pontedeume de data 30 de xuño de 2016 a este concello de Cabanas, no seguintes termos:

O alcance e contido da delegación de competencias e funcións é o seguinte:

Obxecto e alcance: Deléganse as seguintes competencias/funcións propias do concello de Pontedeume no Concello Cabanas que actuará como Concello sede da agrupación dos Concellos de Pontedeume-Cabanas para a realización da xestión compartida en solicitudes de subvencións e proxectos en materias de medio ambiente, infraestrutura viaria e outros equipamentos de titularidade pública, abastecemento e evacuación e tratamento de augas residuais, promoción turística, deporte, cultura e novas tecnoloxías.

-Dirección, xestión, organización e coordinación da obra/servizo.

-Xestión administrativa da subvención para a obra/servizo: Solicitud e tramitación da subvención ante a Administración convocante da subvención. O alcance da delegación se estende a todas as actuacións necesarias para levar a cabo todos os trámites inherentes á subvención conforme á orde que a regula. Facúltase ao alcalde do Concello sede como representante único, coordinador e interlocutor ante la Administración convocante da subvención.

-Selección e contratación do persoal laboral temporal necesario para a obra/servizo (xestión directa).

-Contratación da obra, servizo ou subministros necesarios para a obra/servizo (xestión indirecta). O alcance da delegación se estende a:

a) Todas as fases do proceso de contratación: Preparación, adxudicación, formalización, execución, etc...

b) Unicamente as fases de preparación e adxudicación do contrato. O contrato configúrase con varios lotes independentes que se corresponden cos ámbitos territoriais e funcionais do concello delegante. Realizadas as fases de preparación e adxudicación do contrato e unha vez seleccionada a empresa que vai a prestar o servizo en todos os concellos, a formalización, execución e seguimento do contrato corresponden a cada un dos concellos agrupados.

O Concello sede actúa como órgano de contratación de acordo co artigo 109.5. do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido la Lei de contratos do sector público, que regula a financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que tramitárase un só expediente de contratación polo concello ao que



corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinarse á orde de seu pagamento.

O alcance da delegación esténdese a todos os expedientes incluídos nas materias de medio ambiente, infraestrutura viaria e outros equipamentos de titularidade pública, abastecemento e evacuación e tratamento de augas residuais, promoción turística, deporte, cultura e novas tecnoloxías e nos supostos que a delegación non contradiga co réxime xurídico da subvención que se convoque.

As condicións e obrigas particulares da delegación son as seguintes:

-Medios materiais e persoais: A presente delegación non implica a cesión de medios persoais e materiais propios do concello de Pontedeume a o concello de Cabanas, salvo que a natureza da axuda así o esixa e será para caso concreto e requirindo un acordo expreso de delegación nese suposto.

-Financiamento: Compromiso de achega económica pola parte proporcional ao 50 % do custo municipal do proxecto, sen prexuízo de que a natureza da solicitude estableza porcentaxes de outra índole ponderando criterios poboacionais, de desenvolvemento da actividade, obra ou proxecto de que se trate. Este suposto será desenvolto na memoria de solicitude de cada unha das subvencións cuxos custes municipais non poidan ser distribuídos ao 50 % entre ambos concellos.

-Porcentaxe de financiamento estimada de cada concello participante e da administración convocante da subvención.

-O importe exacto das aportacións concretarase non convenio de colaboración en función do concellos que o asinen e da subvención prevista ou concedida á agrupación. No suposto de que a subvención concedida sexa menor deberán reaxustarse os importes a través da comisión de seguimento do convenio.

-O importe inicial deberá de estar dispoñible no prazo previsto en cada unha das ordes reguladoras das subvencións e en todo caso antes do aboamento das facturas que se emitan pola óptima execución dos servizos, ou obras de que se traten.

-Nas obras/servizos plurianuais a comisión de seguimento establecerá no último trimestre de cada ano ás previsións das necesidades de financiamento do servizo e dará traslado a cada concello.

-Duración: A presente delegación terá unha vixencia de dous anos, prorrogables por outros dous, no seu caso e mediante acordo expreso de prórroga.

-Formas de control: responsable municipal do convenio, o axente de emprego e desenvolvemento local municipal, que será membro da comisión de seguimento. Así mesmo todos e cada un dos actos ditados en desenvolvemento do presente acordo serán fiscalizados pola Intervención municipal.

-Outras obrigas que impoña a Orde/Resolución da subvención: Posibilidade ou non de anticipos, compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria da subvención, compromiso de non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, etc..., serán previstas en cada un dos convenios particulares de colaboración que se asinarán para cada unha das subvencións que se tramiten e atendendo as súas particularidades.

-Causas de revocación da delegación:

O non cumprimento do seu obxecto.



- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.

- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.

- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do mesmo.

-Formalización: A presente delegación de competencias será obxecto de formalización nun convenio de colaboración/cooperación marco conxunto entre ambos concellos que se agrupan, como requisito de eficacia dos acordos adoptados por cada unha das partes, delegando expresamente en órgano unipersonal (alcalde ou concelleiro) a facultade para asinar o convenio así como dos convenios particulares de colaboración que se asinarán para cada unha das subvencións que se tramiten e atendendo as súas particularidades.

-Interpretación da fórmula de agrupación e posibles incumprimentos da mesma: as discrepancias que xurdan na aplicación do presente acordo e dos seus convenios resolveranse por unha comisión de seguimento e coordinación, que estará formada por dous representantes de cada concello, que serán nomeados polo Pleno da corporación, asistidos polo responsable do proxecto designado, isto é o axente de emprego e desenvolvemento local municipal e a que poderá acudir calquera empregado público municipal que en exercicio das funcións de asesoramento sobre un expediente da súa materia poda ser requirido polos representantes municipais na comisión.

No non previsto neste acordo estarase ao disposto na lexislación aplicable á materia obxecto do convenio, especialmente á resolución de convocatoria das subvencións respectivas.

Os conflitos que se susciten poranse en coñecemento da citada comisión; no caso de que non se chegue a acordo sobre as discrepancias litixiosas sentenciaranse na orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

A comisión de seguimento e coordinación rexerese polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Ás súas principais funcións serán en concreto as seguintes:

- O seguimento e control da xestión da obra/servizo.
- Revisar e mellorar o orzamento anual do servizo compartido e sometelo a aprobación plenaria dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xere o servizo.
- Revisar e mellorar o catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da prestación conxunta, que deberá ser ratificado en sesión plenaria dos concellos.
- Revisar as ordenanzas e regulamentos dos concellos que afecten directamente ao funcionamento do servizo para a súa homoxeneización.
- A elaboración das súas normas internas de xestión.
- A interpretación do convenio.
- A proposta, no seu caso, de addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.





TERCEIRO: Autorizar ao Sr. Alcalde do concello de Cabanas para a sinatura do convenio marco de colaboración así como dos convenios particulares de colaboración que recollan estas condicións que se aproban.

CUARTO: Dar traslado do presente acordo ao concello de Pontedeume emprazando ao Sr. Alcalde do mesmo para a sinatura do convenio marco de colaboración na Casa Consistorial do concello de Cabanas, aos efectos oportunos.

QUINTO: Publicar o presente acordo no boletín oficial da provincia da Coruña aos efectos de xeral coñecemento e remitir á Dirección Xeral de Administración local aos efectos oportunos.

8.- APOIO Á PLATAFORMA DE VÍTIMAS DO ALVIA 04155: PROPOSTA CONCELLEIRO BNG. Vista a proposta presentada polo concelleiro do BNG do grupo Mixto sobre apoio á plataforma de vítimas do Alvia 04155, en cuxa exposición de motivos alude a loita de dita plataforma por esclarecer as circunstancias nas que se produciu o accidente do tren Alvia 04155 o 24 de xullo de 2013, considera que un suceso tan grave non pode quedar no esquecemento das institucións públicas e dos responsables políticos, fala das denuncias presentadas pola plataforma e propón a adopción dos seguintes acordos:

1. O Concello de Cabanas amosa o seu apoio á Plataforma de Vítimas do Alvia 04155 nas súas reivindicacións.

2. O Concello de Cabanas recibirá á Plataforma de Vítimas do Alvia 04155 para coñecer as súas demandas e reivindicacións.

3. O Concello de Cabanas solicitará que o Goberno do Estado encargue a unha comisión de expertos e persoal técnico a investigación do ocorrido.

4. O Concello de Cabanas solicitará ao Goberno do Estado a apertura dunha comisión de investigación en sede parlamentaria para establecer posibles responsabilidades políticas.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación.

Polo grupo Socialista: o voceiro Delfín Feal Pereira está de acordo con esclarecer os feitos que levaron ó trágico accidente para que non se repitan e resarcir as consecuencias que se deriven, hai pouco houbo outro accidente inda que de menor contía pero tamén trágico que supón se estará en esclarecemento, está de acordo en tódolos puntos da moción.

Polo grupo Mixto: a concelleira de AEC María Eva García Amor tamén está a favor de defender os dereitos das vítimas.

Polo grupo Popular: o voceiro Manuel González López primeiro quere manifestar a solidariedade coas vítimas e os seus familiares, lamenta que o grupo parlamentario do BNG priorice os intereses políticos ao rexeitar a proposta de declaración institucional no Parlamento para apertura dunha investigación independente, a proposta considera un acto de xustiza que se coñeza a verdade, o grupo popular reitera o seu compromiso de apoiar tódalas investigacións técnicas que contribúan a esclarecer as causas co fin de que non se volva a repetir, lembra que a esta negativa da oposición súmase ao rexeitamento da solicitude do grupo popular nun pleno do Parlamento a Comisión Europea despois de que fixera público o informe sobre este sinistro, da lectura a solicitude na cal conclúe “ o Parlamento de Galicia solicita tal e como demanda o mencionado informe que se abra unha investigación que reúna os requisitos de independencia e analice como



mínimo as debilidades as que fai referencia este documento respecto das investigacións ata agora realizadas”.

O concelleiro do BNG Iago Varela Martínez non vai valorar as palabras do voceiro popular porque todos coñecen que fai o PP, o bloqueo no Parlamento galego e no español para que se abriaran investigacións, alude as iniciativas do BNG e de AGE no Parlamento galego que foron rexeitadas polo PP, foi o BNG a través da eurodiputada Ana Miranda o único grupo político que levou as vítimas do Alvia ó Parlamento europeo que se posicionou e incluso denunciou ao Estado español.

O Sr. González López non entende que o BNG solicite a apertura dunha nova comisión e o mesmo tempo a rexeite no Parlamento de Galicia, desde o grupo de goberno apoiarán calquera acordo relativo a recepción no Concello de representantes de plataformas de vítimas do Alvia 04155, recorda que a investigación é competencia da comisión de investigación de accidentes ferroviarios e a Axencia ferroviaria europea fixo público o seu ditame a favor de emprender unha segunda investigación administrativa independente e que aborde as ineficacias identificadas na 1ª investigación, o que comparte este grupo municipal e presenta a seguinte emenda transaccional: “o concello de Cabanas considera que o accidente de Angrois debe investigarse con independencia técnica en profundidade á marxe de actuacións xudiciais de tal maneira que os resultados da dita investigación cheguen a conclusións incuestionables sobre as causas e as medidas que hai que adoptar para garantir a seguridade do transporte ferroviario que transcorre polo territorio de Galicia e do conxunto de España e que para iso se solicita redacción dun novo informe técnico que o garantan”. O Sr. Alcalde indica que queren facer esta emenda aos puntos 3 e 4 da moción.

O Sr. Varela Martínez manifesta que por atender a plataforma de vítimas do Alvia quere manter o texto orixinal.

O Sr. Alcalde considera que se esta a facer xuízo político de algo que non hai xuízo técnico, ademais non son competencia do Concello as propostas desta moción.

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con seis votos a favor dos membros dos grupos Socialista e Mixto, e cinco en contra dos membros do grupo Popular, acorda aprobar a proposta da moción presentada.

9.- CONTENCIÓN DA VESPA VELUTINA: PROPOSTA CONCELLEIRA DE AEC. Dáse conta da proposta presentada pola concelleira de AEC do grupo Mixto, para a contención da vespa velutina, na cal alude a súa introdución en Europa en 2004 e a súa expansión en Galicia, impacto sobre o medio ambiente, danos na apicultura e falta de depredadores, ciclo de vida e maneiras de loita, coa achega do protocolo para colocación de trampas e presuposto, a tal efecto propón a adopción dos seguintes acordos:

1. A realización dun trampeo primaveral nos meses de marzo/abril (dependendo das temperaturas) que eliminaría unha porcentaxe importante de niños de velutina para o próximo ano, sendo unha medida de contención e prevención que suporía tanto un beneficio social como un aforro económico cara o ano que ven.

2. Levar a cabo un rexistro de niños retirados do concello para poder ter un control cara os próximos anos e que o trampeo poida ser máis efectivo tendo as localizacións exactas de cada niño.

3. A posibilidade de realizar unhas charlas explicativas en colexios e asociacións do concello para que os veciños de Cabanas estean informados e concienciados non so do perigo senón poder



evitar erros como que nos trampeos caseiros caian tanto vespas autóctonas como abellas aumentando a degradación das nosas especies.

Na deliberación do asunto prodúcese as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación.

Polo grupo Socialista: o voceiro Delfín Feal Pereira alude a súa moción presentada en outubro de 2015 para control da vespa velutina que produciu un debate e non se tomou en consideración, aparte do exposto na moción de AEC, agora xa empeza atacar animais vivos nas feridas e ubres con incremento de mamitis, as medidas propostas son asumibles, entende que hai que ir en conxunto con outros concellos senón por moito que se faga neste concello será baldío, é importante a concienciación, a información e o trampeo ben feito diminúe a aparición de niños secundarios nun 75%, ademais é necesario a implicación da Consellería do Medio Rural, asistencia a cursos de formación dos servizos do Concello, xa preguntou por elo a Alcaldía, temos equipos para eliminación pero non se debe actuar de día como se fixo no Día Oito porque aos quince días xa había outro no mesmo sitio, a moción presentada polo grupo socialista tiña máis calado, e os veciños e asociacións deben estar informados para tratar de diminuír esta praga, votarán a favor.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Iago Varela Martínez indica que o tema da vespa velutina xa foi tratado neste pleno en varias ocasións, é un tema que lle preocupa e considera positiva a proposta da concelleira de AEC para a loita contra esta praga, polo que votará a favor.

O concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña sinala que é un tema coñecido no que xa hai expertos, aparte de estar a favor, alude aos problemas cos que se atopan as persoas que traballan nestes ámbitos, insecticidas que non funcionan, roupa de traballo deficiente, fallos en non retirar os niños durante a noite, etc. polo que é necesario establecer un protocolo de actuación a aplicar con rigorosidade, a velutina este ano non estivo cómoda polo frío, metíase en casas, alpendres, etc. onde era máis fácil de eliminar, fala de actuación sobre animais e casos de veciños pedindo información, por elo a necesidade de charlas informativas para distintos colectivos.

Polo grupo Popular: o voceiro Manuel González López considera que tendo en conta o incremento de chamadas de veciños/as para retirada de niños, entende que é necesario tomar algunhas medidas sobre a alarma social que está xerando entre a veciñanza; en relación co punto 1, precísase a colaboración de concelleiros que se queiran sumar a esta iniciativa, fálase co persoal do Concello así como con protección civil e con todos aqueles que queiran colaborar en poñer trampas e facer o seguimento segundo o protocolo, no punto 2 considera que os encargados de controlar as trampas podían facer a vixilancia de niños, e no punto 3 propoñen organizar charlas no colexio Eladia Mariño, asociacións que dispoñan de local para explicar todo o relativo a vespa velutina.

O Sr. Alcalde informa que este ano houbo 99 rexistros de chamadas para retirada de niños, é un aumento importante.

A concelleira de AEC, María Eva García Amor contactou hoxe con protección civil e levan un rexistro pero sería bo telo aquí para poñer as trampas onde se localicen os niños.

A concelleira do grupo Popular Esperanza Gayoso Pereiro considera importante a proposta de implicar aos concellos limítrofes.

O Sr. Alcalde cree que agora mesmo tódolos concellos son sensibles a este problema e están adoptando medidas, necesítanse voluntarios para colaborar e facer un seguimento, a retirada debe



ser de noite, protección civil fixo cursos e o sabe pero a veces resulta imposible porque a xente quere retiralo xá.

O Sr. Feal Pereira interesa o listado de 2016 para comparar co de 2015.

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos once membros que o compoñen, acorda prestar aprobación a referida proposta.

## PARTE DE CONTROL ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

### 10.- INFORMES DA PRESIDENCIA.

a) Resolucións da Alcaldía. Dáse conta das resolucións ditadas desde a número 349 do 28-07-2016 ata a número 461 do 23-09-2016.

b) Liñas fundamentais orzamento 2017. Dáse conta da Resolución 439/2016 pola que se aproban as liñas fundamentais do orzamento para 2017 de conformidade co establecido na Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro e a súa remisión ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

### 11. ROGOS E PREGUNTAS.

#### a) Preguntas orais.

a.1. Grupo Socialista: Intervención do voceiro Delfín Feal Pereira.

a.1.1. Na comisión de Asuntos do Pleno, preguntáronlle sobre a situación da rede de sumidoiros en San Martín do Porto, dixo que había problemas de atasco posiblemente toallitas e ía facer unha xestión, fíxose esa xestión?, coñecese quen é o causante da chegada desas toallitas?.

Resposta Alcalde: sabemos que van de Geriatros e quedou Viaqua como concesionaria do servizo en ir a falar con eles e explicarlles o problema que están a xerar.

a.1.2. Con respecto ao rexistro de autónomos que se aprobou a iniciativa do grupo socialista, hai moita xente interesada no rexistro?, estáselle a mandar información?.

Resposta Alcalde: hai algunha xente que se rexistrou, mandóuselle información a través do Axente de emprego e desenvolvemento económico que ten contacto coas empresas, algún está inscrito.

a.1.3. O Concello ten representación en distintos órganos colexiados, levamos dous anos de legislatura e quere pensar que algunha reunión houbo e os representantes nomeados na sesión de organización do Concello ían a informar do tratado nestes órganos, a día de hoxe non temos facilitada información, gustaríalle que se tomara en consideración porque é importante dispoñer da información dispoñible.

Resposta Alcalde: creo que nalgún caso puntual falouse, pero por norma xeral non se fixo, tomamos nota e o faremos, quedamos que na Comisión de Asuntos do Pleno se pasaría esa información.

Intervención da concelleira Concepción Rodríguez Ferreiro.

a.1.4. Quere trasladar queixas de veciños do Penso, cando chove, pola parte de atrás no camiño Tras da Vila éntalles auga no edificio por non haber beirarrúa, ten pensado o Concello facer esa beirarrúa antes do remate das obras do edificio ou vai quedar así?.

Resposta Alcalde: gustaríalle dar outra resposta, pero iso era unha obra de urbanización que tiñan que haber feito cando construíron o edificio, o Concello non pode arranxar os problemas que



xerou unha mala execución do edificio, aí non está contemplada unha beirarrúa, estudiarase o tema pero facelo coas obras de demolición non é posible.

a.2. Intervención do concelleiro do BNG Iago Varela Martínez.

a.2.1. Roga que teñan a ben colocar correctamente a bandeira galega que está pendurada no Concello, xa leva a semana ao revés.

a.3. Intervención da concelleira de AEC María Eva García Amor

a.3.1. No camiño que pasa pola ponte do río Dana, na zona do Trapiche, hai unha zona onde se estreita e non collen os coches, non existe sinalización que o indique producíndose problemas por non ter onde dar volta, poderíase poñer un sinal de paso cortado ou estrada sen saída?.

Resposta Alcalde: xa está posta

a.3.2. Tamén nesa mesma zona hai protestas porque o contedor de lixo está tirado no río, se poderían poñer suxeición como noutros lugares do Concello?.

Resposta Alcalde: si, non hai problema, pero outro que había próximo río arriba, tamén o tiraron ao río.

a.3.3. Tamén hai queixas nesa zona sobre o desborde do río cando chove, nesas casas colocaron protección no seu día pero actualmente o río ten menos canal e desborda, poderíase habilitar algunha solución ou dar traslado a Augas de Galicia?.

Resposta Alcalde: si se refire ao tubo colocado, hai que ter autorización de Augas de Galicia, no seu día fíxose esa obra con autorización, en todo caso haberá que pedir autorización a Augas de Galicia si desexan colocar outro tubo no río.

a.3.4. Roga se estude a posibilidade de reparar as paradas de bus para comezo do curso, xa que están en malas condicións, con tela de arañas, bichos e polvo.

a.4. Intervención do concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña.

a.4.1. No Pleno extraordinario da Corporación de finais de agosto, o Pleno non alegou nada en relación ao proxecto do Ministerio de Fomento sobre a N-651 e limitouse a trasladar as alegacións veciñais recibidas. Na Comisión e con pouca antelación recibimos un informe do arquitecto municipal xenérico e asinado o 8 de agosto (dúas semanas antes) no que manifesta a súa preocupación pola afección da estrada ao viario municipal, sen especificar. Que motivou para que o alcalde ocultase o informe do arquitecto á Xunta de portavoces durante tanto tempo? Hai feito informe municipal sobre as alegacións veciñais trasladadas como suxerín na Comisión?

Resposta Alcalde: o Alcalde non ocultou ese informe, pode acreditarlle con correo electrónico cando o recibiu, outra cousa sería a data, ten que estar rexistrado a data real de cando o entregou, non ten ningún interese en ocultar ese informe. En canto ao informe sobre alegacións municipais entende que non.

a.4.2. Sobre a Casa de Xan Ares non tivemos información ningunha desde antes de agosto e polo comentado xa pasaron varios prazos sen novas salientables, sobre a iniciativa de Somos Cabanas para rehabilitar a construción histórica xa sabemos que quedou esquecida. Que trámites realizou o alcalde de Cabanas desde a última xuntanza de xullo? Os informes pendentes canto van tardar?

Resposta Alcalde: pedíronse dous informes, un entregouse o outro está pendente para



presentar os dous xuntos, o que falta quere falar co arquitecto para consensuar algún tema sobre o urbanismo do Concello.

a.4.3. Nos pasados meses o goberno local do PP gastou 2.310,58 € en publicidade e propaganda. Poderíanos explicar a que foron destinados estes fondos do erario público?

Resposta Alcalde: pois sen máis non lle podo dicir, serían anuncios por prazas de persoal ou algo diso.

a.4.4. En relación coas reparacións de maquinaria municipal, cantas avarías sufriu nestes meses a desbrozadora municipal? A canto ascenden as reparacións? Con que procedemento de contratación adxudica o alcalde a reparación desta maquinaria?

Resposta Alcalde: teño que velo, así de memoria non lle podo contestar.

a.4.5. Sobre a execución da sentenza relativa á 1ª fase do edificio o Penso. Que falta para rematar as obras? En que fase de execución se atopa a execución de sentenza? Contestoulle o concello ás obxeccións do denunciante sobre o cumprimento da sentenza?

Resposta Alcalde: as obras deben estar a punto de rematar, non sei canto falta, e sobre o asunto ese non lle podería contestar agora.

a.4.6. Rogo. Na pasada semana rebordou o saneamento na zona do Oito, hai que ter en conta que xa suxerimos actuar na baixada das Viñas por afundimentos que tamén se producen no Camiño Vello. Suxerímoslle que o goberno local estude as causas deste rebordamento e tome as medidas oportunas para que non se volva repetir.

a.4.7. Rogo. Á vista da nova lei de Carreteras del Estado. Suxerímoslle ao goberno local que elabore un informe sobre as afeccións aos núcleos do Areal, Cardeita, A Torre, Pedreiras, A Rúa, O Feal, O Peón e O Pereiro.

b) Preguntas por escrito.

b.1. Preguntas presentadas polo concelleiro do BNG Iago Varela Martínez en escritos de data 27 de setembro de 2016.

b.1.1. Durante a xornada electoral do pasado domingo 25 de setembro producíronse dúas caídas no escalón de baixada ao acceso principal do CEIP Eladia Mariño, cuxas consecuencias, afortunadamente, non pasaron de leves contusións.

Logo dunha pequena investigación, o BNG tivo coñecemento de que non foi a primeira vez que se produciron caídas nese lugar nin tampouco é a primeira vez que se pon este tema en coñecemento do concello.

Ante esta cuestión, desde o BNG desexamos ter resposta ás seguintes cuestións:

- Está previsto actualmente realizar algún tipo de actuación para eliminar ese escalón, sinalizalo ou instalar unha varanda?.

- En caso negativo, podería o señor alcalde tomar en consideración esta proposta e buscar unha solución a esta demanda?.

Resposta Alcalde: alégralle que se deran conta que cando lle dicían que carrexaba a xente, era porque lle axudaba a subir e baixar as escaleiras, xa coñece esa dificultade desde hai tempo e estase en trámite de dar solución, hai que contar con informe técnico e que non sexa obstáculo para os rapaces que van ao colexio.

b.1.2. No pleno do 28 de outubro de 2015 foi debatida e aprobada polo pleno unha moción do BNG que urxía ao goberno municipal a elaborar e leva á seguinte sesión ordinaria do pleno



(novembro), un regulamento de cesión e uso dos locais municipais por parte da veciñanza, trasladando aos servizos municipais a competencia de cesión dos mesmos e eliminando así os vetos políticos da Alcaldía.

Once meses despois, non temos novas do mesmo. Por iso, desde o BNG desexamos coñecer:

- En que estado se atopa a elaboración de dito regulamento?

- Cre o señor alcalde que non tivo tempo suficiente en once meses para elaborar un borrador de regulamento para presentar aos diferentes grupos municipais?

- Cando está previsto tratar en pleno dito regulamento?

Resposta Alcalde:

- Estase a realizar.

- Non, porque tivemos temas moito máis importantes que facer antes diso, cando haxa tempo farase.

- Cando estea dispoñible traerase a pleno sen problema.

b.1.3. No pleno de marzo o BNG preguntou neste pleno pola situación do camiño de acceso ao núcleo de As Modias (zona aproximada 43.423761,-8.178618), que amosaba importantes signos de afundimento e varias fochancas.

Meses despois leváronse a cabo algunhas tarefas no lugar consistentes en tapar as fochancas, un ha solución que subsanou o problema durante algún tempo. Porén, na actualidade volve haber fochancas no mesmo lugar.

Ante esta situación, o BNG desexa ter resposta ás seguintes cuestións:

- Ten coñecemento o señor alcalde da situación na que se atopa dito camiño?

- Ten previsto o Concello de Cabanas realizar algunha actuación que soluciónes definitivamente os problemas dos que adoce este camiño?

Resposta Alcalde:

- Si.

- Creo que esta pregunta a leva feita tres ou catro veces, e lle contesto o mesmo, presentouse un proxecto na Consellería do Medio Rural o cal está comprometido, estando a piques de empezarse a executarse.

b.1.4. No pleno ordinario de xullo preguntamos polas queixas da veciñanza que acudía co seu vehículo á praia da Madalena e atopa coches sen a correspondente tarxeta de residente ocupando as prazas reservadas para a poboación local.

Rematada a época estival, desde o BNG queremos ter resposta ás seguintes cuestións,

- Cantas sancións por estacionamento incorrecto foron impostas durante o verán nas inmediacións da praia?

- A canto ascendeu o importe recadado a través de ditas sancións?

Resposta Alcalde:

- 516.

- Iso inda non llo pode dicir, uns páganse con recargo, outros sen el, e outros con bonificacións.

b.1.5. Desde que o BNG recuperou a representación neste pleno, no pasado mes de maio, levamos traendo aquí diversas cuestións relacionadas coa estrada do Barreiro, que a día de hoxe seguen sen ter resposta clara.



Ante esta situación, o BNG plantexa as seguintes preguntas:

- En relación coa solicitude veciñal de instalar un paso de peóns na zona alta da recta e a colocación dun sinal vertical de cruce.

Realizou o goberno municipal algunha solicitude na Deputación da Coruña a este respecto?

En caso afirmativo: cal foi o resultado?

En caso negativo: ten pensado facelo?

- Sobre as reiteradas inundacións que se producen cada vez que chove, e que nas últimas ocasións están a chegar acompañadas de fecais:

Tense detectado o lugar no que se producen as incidencias?

Pode confirmar o alcalde que non se están a mesturar augas pluviais con fecais, co risco de saturación das canalizacións en caso de tormenta e de consecuentes verteduras de fecais?

Cales van ser as actuacións que se levarán a cabo nesa estrada para solucionar estes problemas e cando se van realizar?

Resposta Alcalde:

- É outra pregunta xa contestada varias veces, xa lle dixo que non vía poñer alí un pas de peóns, falouse co vixilante da estrada que é da Deputación, esa estrada acaba de repararse e poñer nova sinalización segundo o técnico que fixo o proxecto, si quere que se mande por rexistro non hai problema, pero a solicitude do BNG.

- En canto as actuacións que se levaron a cabo xa o explicou, houbo atasco por encofrados dun pozo que a empresa non sacou, arranxouno o camiión de Viaqua, hai un problema de pluviais máis abaixo que se está estudando para facer un desvío pero necesítase financiación

A continuación a Presidencia levanta a sesión sendo as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos da cal estendo a presente acta , e do que eu Secretario, dou fe.

Vtº e prace.

O Alcalde

O Secretario